

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

CAPITULO I.- OBXECTO, NATUREZA E FUNCIÓNS .-

Disposicións Xerais.-

Artigo 1º.- O Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, crea a Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais, que ten como tarefa principal o tutelar, promover, instituír e coordina-lo deporte como parte fundamental no crecemento e a formación humana de toda persoa. Por iso entenderase como tarefa prioritaria, a atención ó deporte de base nas súas modalidades, e asimesmo a promoción e organización de eventos deportivos que estime de interese xeral.

Artigo 2º.- A Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais de Vilagarcía de Arousa nace como un servizo ó deporte do noso municipio, fixándose en términos totais e como obxectivos básicos: a participación cidadán en liñas xerais; a racionalización exhaustiva no uso das instalacións dispoñibles e clasificación dos usuarios, para non deixar a ninguén sen os beneficios da participación deportiva do noso municipio.

Artigo 3º.- A Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais de Vilagarcía de Arousa, gozará de personalidade xurídica propia e plena para o cumprimento dos seus obxectivos e fins.

Artigo 4º.- A Fundación posuirá patrimonio especial para o cumprimento dos seus fins, nos que se incluírán todas e cada unha das instalacións deportivas de propiedade municipal.

O Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa conserva con arreglo ás Leis e Regulamentos da Administración Local e sen mais limitacións que as establecidas nos mesmos, a propiedade e plena disposición do solo dos edificios, das instalacións, dos seus



accesorios, do utillaxe e de canto se lles incorpore ou agreguen de modo provisional ou definitivo, afectándose unicamente tales elementos co fin da súa administración especial dos ingresos destinados ó cumprimento dos fins da Fundación.

Artigo 5º.- A Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais de Vilagarcía de Arousa, terá a súa sede no Pavillón Municipal de Deportes de Fontecarmoa, ou noutro local de ámbito municipal, previo acordo, neste caso da Xunta Rectora, a que se refire o artigo 10, coas formalidades legais.

Artigo 6º.- A Fundación, a través dos seus órganos de goberno, ten como funcións esenciais as seguintes:

a) Fomentar, estimular, coordinar e tutela-lo desenvolvemento das actividades deportivas no municipio, dacordo cun plan unitario e polivalente que deberá ser redactado e aprobado pola Xunta Rectora.

b) Adoptar cantas medidas sexan precisas para o aproveitamento integral das instalacións existentes, incluída a conservación e mantemento, así como tamén os recursos económicos destinados á finalidade deportiva, calquera que sexa a súa procedencia.

c) Formalizar, na medida do posible, os convenios e acordos que sexan pertinentes para logra-la utilización das instalacións e, en especial as que pertencen á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como tamén dos centros privados, que foran ou non financiados cos fondos estatais e que contén ou non con subvencións de igual procedencia segundo a vixente lexislación deportiva.

d) Coordinar tódolos esforzos, así como tamén tódalas iniciativas que se dirixan ó desenvolvemento das actividades deportivas.

e) Encauza-las actividades deportivas cunha visión de conxunto, sen prexuízo das facultades que correspondan á entidade respectiva que as organice.

Artigo 7º.- A Fundación rexirase polo disposto nestes Estatutos e actuará baixo a tutela do Concello, ó que lle corresponde velar porque se alcancen os fins previstos naqueles. Todo iso, sen prexuízo da autonomía que se recoñece ós seus órganos de goberno, todo elo, sen prexuízo tamén da inspección xeral que lle corresponde ó Alcalde da Corporación, de conformidade co disposto no art. 21.1.d. da Lei 7/85, de 2 de abril, e do seu sometemento ó réxime de



contabilidade pública nos termos da Lei Reguladora das Facendas Locais, e conseqüentemente de render contas das respectivas operacións, correspondendo a Intervención do Concello a inspección da contabilidade, conforme dispoñen os artigos 181, 182 e 185 e concordantes da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8.- Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación está capacitada, previo acordo do Pleno da Corporación Municipal, Comisión Municipal de Goberno ou Alcaldía, segundo corresponda para:

- a) Construír, ou adquirir en propiedade instalacións deportivas.
- b) Contratar ó persoal técnico necesario para atende-las distintas finalidades da Fundación, así como tamén do persoal administrativo que sexa preciso, sempre a proposta da Xunta Rectora, conforme as normas xerais que sobre persoal rexen na Administración Pública, sempre e cando a súa contratación exceda de un ano.
- c) A Fundación poderá arrendar a calquera ente privado ou público, as instalacións mediante a firma previa do contrato entre as partes, sen prexuízo das actividades deportivas de competición e que teñan unha duración superior a un ano.

CAPITULO II .- GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 9º.- O goberno e administración da Fundación, estará a cargo dunha Xunta Rectora, un Consello de Xerencia e o seu Presidente.

Artigo 10º.- A Xunta Rectora é o órgano de xestión e alto goberno da Fundación, e estará integrada polos seguintes membros:

- a) Presidente: O Ilmo. Sr. Alcalde, ou concelleiro en quen delegue.
- b) Vicepresidente: elixido pola Xunta Rectora entre os seus membros.
- c) Vocais:
 - c1) Oito representantes designados polo Pleno do Concello, catro de eles necesariamente membros da Corporación, e os outros catro poderán ser ou non Concelleiros. Tódolos grupos políticos que constitúan a Corporación, terán un representante. O resto de representantes designaranse en proporción ó número de Concelleiros que cada un dos grupos



ostenten.

c2) Un representante das Asociacións de Veciños do noso Municipio, legalmente constituídas, elixido polas mesmas, conforme o sinalado ó final deste artigo.

c3) Un representante do profesorado de Educación Física dos centros educativos do municipio elixido polos mesmos e de entre eles.

c4) Un representante das Asociacións de Pais de Alumnos públicas e privadas, elixido polas mesmas.

c5) Un representante de Clubes Deportivos, por cada modalidade deportiva que conte con alomenos 3 clubs federados pertencentes a este Municipio e dous representantes de entre as restantes modalidades deportivas, elixidos polos Presidentes dos mesmos. Non poderá ser elixido máis de 1 representante de éstos dun mesmo Club ou Entidade Deportiva.

c6) Dous representantes designados pola Alcaldía de entre persoas relacionadas co deporte no Municipio.

d) Secretario: actuará de Secretario o que o sexa do Concello, que poderá delegar noutro funcionario municipal.

e) Interventor: Actuará como tal, o que o sexa do Concello, que poderá delegar noutro funcionario.

No caso dos representantes ós que se refiren os apartados c2), c3) e c4) procederase á convocatoria independentemente dos presidentes das AA.VV., dos profesores de Educación Física do Municipio, dos Presidentes das APAS do Municipio, para que procedan á elección do seu representante, calquera que sexa o número dos asistentes á reunión.

Artigo 11º.- Será da competencia da Xunta Rectora:

a) Aproba-lo programa de actuación e presuposto e as súas revisións anuais que, a súa vez, haberá de ser ratificado no seu caso polo Pleno da Corporación Municipal.

b) Representa-los intereses da Fundación no ámbito da súa actuación.

c) Inspeccionar e adopta-las medidas adecuadas para o mellor funcionamento da Fundación, así como das súas instalacións, servicios e actividades deportivas municipais.

d) Inspecciona-la utilización de ditas instalacións así como tamén os programas de actividades deportivas no término municipal.

e) Formalizar convenios e contratos no ámbito de súa actuación.



f) Interpoñer toda clase de reclamacións e accións, perante as autoridades administrativas, gubernativas e xudiciais, dentro do ámbito da súa actuación.

g) Someter á aprobación do Pleno do Concello as plantillas do persoal, tanto técnico como administrativo, e a súa contratación a proposta do Consello de Xerencia.

h) Aproba-la Memoria de actividades e xestións realizadas durante o ano deportivo, remitíndoa para a súa ratificación polo Pleno, do Concello, no prazo máximo de sesenta días e unha vez aprobado, proceder a súa publicación.

i) Aprobar obras nas que o importe non exceda do 25 % do presuposto anual, e si fose superior, sometelas á aprobación do Pleno do Concello, e á súa vez non sexa inferior ó 5% que neste caso correspondería ó Consello de Xerencia.

k) Sanciona-las faltas cometidas polos usuarios das instalacións, que revistan certa gravidade (moi graves).

Artigo 12º.- Corresponde ó Presidente:

- a) A representación legal da Fundación ante toda clase de autoridades e organismos.
- b) Exercer toda clase de accións encamiñadas á defensa dos intereses da Fundación.
- c) Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións da Xunta Rectora.
- d) Decidir, no caso de empate, as votacións.
- e) A ordenación de Pagos.
- f) Acorda-la realización de gastos menores, que por razón de urxencia ou necesidade, se leven a cabo nas instalacións ou servicios.
- g) Cantas facultades non estean asignadas a outros órganos da Fundación.

Artigo 13º.- O Vicepresidente, corresponderalle substituir ó Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como tamén as funcións que lle delegue o Presidente.

Artigo 14º.- Son funcións do Secretario:

- a) O asesoramento xurídico da Fundación e seus órganos de goberno.
- b) Se-lo fedatario das reunións dos órganos de goberno e dos documentos e actos da Fundación.
- c) Asistir a reunións da Xunta Rectora e do Consello de Xerencia con voz pero sen voto.
- d) As súas funcións rexiranse pola vixente lexislación local.



Artigo 15º.- Son funcións do Interventor:

- a) A fiscalización dos gastos, ingresos e pagos e contas, ou inventarios da Fundación.
- b) O asesoramento económico e financeiro da Fundación, e dos seus órganos de goberno.
- c) Asistir a reunións da Xunta Rectora e do Consello de Xerencia con voz pero sen voto.
- d) As súas funcións rexiranse pola vixente lexislación local.

Artigo 16º.- Os membros da Xunta Rectora, cesarán nos seus cargos nos seguintes casos:

- a) A petición propia, cando se solicita polo propio interesado.
- b) Os que exercen a súa condición en virtude dos cargos específicos ó cesar nos mesmos.
- c) Os designados polo Concello, cando o Pleno da Corporación así o determine.
- d) Os vocais representantes das distintas Entidades e Asociacións, cando así o acorden os órganos de goberno das mesmas.
- e) En todo caso tódolos membros da Xunta Rectora cesarán cando remate o mandato da respectiva Corporación Municipal, quedando en funcións ata tanto se designe unha nova Xunta Rectora.

Os membros de calquera das Xuntas Rectoras ou Consello de Xerencia que sen escusa escrita, admitida, ou certificación de imposible asistencia, falten a tres sesións consecutivas, ou a seis non consecutivas, no período de un ano perderán a súa condición nunha e noutro órgano colexiado. As faltas de asistencia acreditaranse co certificado do Secretario, en relación co Libro de Actas. Exceptúanse os membros natos a tal efecto terán a súa consideración os que teñan a condición de concelleiros.

Artigo 17 º.- Réxime de sesións:

- a) A xunta Rectora celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria bimensualmente.
- b) O Consello de Xerencia reunirse, polo menos, unha vez cada 30 días.

Tanto a Xunta Rectora como o Consello de Xerencia reuniranse con carácter extraordinario cando o acorde o Presidente ou o solicite a terceira parte dos seus membros. Neste último caso a reunión celebrárase no prazo de sete días hábiles seguintes á petición.



As sesións, tanto da Xunta Rectora como do Consello de Xerencia, celebraranse nas instalacións do Pavillón Municipal de Deportes de Fontecarmoa, ou no seu defecto, na Casa do Concello debendo comunicarse este extremo na correspondente convocatoria.

As sesións convocaranse en primeira e segunda convocatoria debendo transcorrer entre unha e outra alomenos quince minutos.

Para a validez das sesións será necesario:

1) Para a primeira convocatoria será necesaria a asistencia do Presidente, do Secretario e da metade dos seus membros de feito excluídos os dous primeiros.

2) Para a segunda convocatoria, 15 minutos máis tarde, será necesaria a asistencia do Presidente, do Secretario, e un tercio dos membros restantes de feito.

A Xunta Rectora e o Consello de Xerencia adoptarán os seus acordos como regra xeral por maioría simple dos membros presentes, agás para aqueles asuntos en que se requira unha maioría específica. Enténdese por maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

Artigo 18º.- As convocatorias para as sesións cursaranse dous días hábiles á celebración da sesión, nembargantes poden convocarse as extraordinarias da Xunta ou do Consello de Xerencia cun día de anticipación e aínda na mesma data na que se celebre a reunión se se tratase de casos urxentes, a xuízo do Presidente.

Artigo 19º.- Os acordos da Xunta Rectora, poderanse recorrer ante o Pleno do Concello, no prazo de trinta días, e os que iste adopte en resolución dos recursos, poderanse recorrer ante os Tribunais competentes.

Artigo 20º.- A Xunta Rectora elixirá un Consello de Xerencia do que formarán parte:

- a) O Presidente e Vicepresidente da Xunta Rectora, que o serán tamén do Consello.
- b) O representante dos Clubes.
- c) Dous vocais pertencentes a Xunta Rectora e designados de entre os oito representantes nomeados polo Concello, tendo en conta os criterios de proporcionalidade a que se fai referencia no apartado c) 1., do artigo 10."



d) Dous vocais elixidos pola Xunta Rectora debendo recaer-lo nomeamento dun deles preferentemente nun técnico deportivo dos representantes que existen na Xunta Rectora, e non incluídos nos apartados anteriores.

e) Os directivos ou responsables das instalacións deportivas propias da Fundación, que terán voz pero non voto.

f) Actuará de Secretario o que o sexa da Xunta Rectora.

g) Actuará de Interventor o que o sexa da Xunta Rectora.

Artigo 21º.- Corresponderá ó Consello de Xerencia:

a) Executa-los acordos aprobados pola Xunta Rectora cando non sexan da competencia do seu Presidente.

b) Confecciona-lo proxecto do presuposto para a súa aprobación pola Xunta Rectora.

c) Organizar, dirixir, programar e coordina-la utilización das instalacións da Fundación, así como dirixi-las actividades e servizos, vixiando asimesmo a perfecta execución dos mesmos e incluso confeccionar, na medida do posible, os programas das actividades deportivas que se realicen no término municipal.

d) A responsabilidade material do mantemento, asistencia e sostemento material das instalacións e servizos.

e) Elabora-lo proxecto de plantillas de todo o persoal.

f) A contratación e concesión de obras, servizos e subministro dos que a súa contía non exceda do 5% dos recursos ordinarios do seu presuposto da F.P.S.D.M., nin do 50% do límite xeral aplicable á contratación directa, así como de todos aqueles outros que excedendo da citada contía teñan unha duración non superior a un ano ou non esixan créditos superiores ós consignados no presuposto anual.

g) Dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación de facturas en xeral que correspondan ó desenvolvemento normal do presuposto.

h) Acordar abrir e cancelar toda clase de contas correntes e de aforro, en calquera establecemento existente na cidade.

i) Solicitar subvencións, auxilios e outras axudas do Estado, dos Órganos Autonómicos, Corporacións Públicas e particulares, dando conta á Xunta Rectora.

k) Aquelas outras que delegue no mesmo a Xunta Rectora ou o Presidente.



Artigo 22º.- Os directivos e responsables das instalacións deportivas serán nomeados pola Xunta Rectora e o nomeamento deberá recaer en persoal cualificado, de entre o que xa teña adscrito ou contratado a F.P.S.D.M. e tendo en conta, en todo caso, o sinalado no Capítulo III e no artigo 8 destes Estatutos.

Artigo 23º.- Corresponderalle ós directivos ou responsables das instalacións deportivas:

- a) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Rectora ou polo Consello de Xerencia no ámbito da súa actuación, vixiando o seu cumprimento.
- b) Elabora-los proxectos de actividades a desenvolver nas súas respectivas instalacións.
- c) Asegura-lo bó funcionamento das mesmas, así como a súa conservación.
- d) Dirixir e inspecciona-los servicios das diferentes dependencias que integran as respectivas instalacións.
- e) Asumi-la dirección do persoal que preste servicios nas instalacións.
- f) Coida-la coordinación entre as súas instalacións e as restantes da Fundación.
- g) Propoñer ó Consello de Xerencia as partidas que deben figurar no proxecto do presuposto de ingresos e gastos de cada exercicio.

CAPITULO III .- PERSOAL

Artigo 24º.- A Fundación disporá do persoal necesario, no que o número, categoría e funcións determinarase nas plantillas aprobadas polo Pleno do Concello, a proposta da Xunta Rectora.

Os soldos e demais emolumentos legais reflexaranse no presuposto da Fundación.

Artigo 25º.- As plantillas do persoal da Fundación estarán formadas por:

- a) Os funcionarios do Concello destinados na Fundación.
- b) O persoal contratado pola propia Fundación.
- c) Os directivos ou responsables das instalacións.
- d) Os voluntarios.



Artigo 26º.- Cando un funcionario municipal sexa destinado con plena dedicación ó servizo da Fundación, integrárase nas súas plantillas e quedará na situación administrativa que corresponda según a lexislación da Administración Local, computándose o tempo como se prestase servizo no Concello.

Os servizos que os funcionarios municipais presten á

Fundación fora da xornada normal de traballo no Concello, remuneráranse con cargo ó presuposto da Fundación.

Artigo 27º.- A Fundación nomeará directamente ó persoal que sen ser funcionarios municipais, precise para ó seu propio servizo, abrindo ós seus postos de traballo con arreglo ás plantillas aprobadas e mediante os procedementos que en cada caso se determinen pola Xunta Rectora. Os devanditos procedementos respectarán en todo caso os principios de publicidade, igualdade de oportunidades, mérito e capacidade. O persoal seleccionado quedará sometido á lexislación laboral.

En ningún suposto, estes nomeamentos non conferirán nin permitirán adquirirla condición de funcionarios municipais a quen os desempeñen.

CAPITULO IV .- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28º.- A Fundación terá como recursos para o cumprimento dos seus fins os seguintes:

a) A consignación que para este fin figure no presuposto municipal, de forma que se garantice a suficiente capacidade

financeira á Fundación para o cumprimento dos fins que contemplan estes estatutos.

b) As subvencións que poidan obter da Administración Central, ente autonómico e institucións provinciais, locais e privadas.

c) As aportacións e cuotas de calquera clase e tipo procedentes de entidades públicas ou privadas, clubs, federacións, así como toda clase de axudas de persoas físicas e xurídicas.

d) Os ingresos de todo tipo ou índole que poidan reportarlas súas actividades.

e) Os donativos ou legados que se otorguen o seu favor.



f) Os ingresos e rentas de tódalas clases, inclusive os produtos por colocación de elementos de publicidade nas instalacións, edificios e servicios da Fundación na que a xestión e administración se tramite á Xunta Rectora da Fundación.

g) Os dereitos percibidos pola radio difusión ou televisión dos espectáculos, festivais, ou competicións que se celebren nas instalacións ou servicios da Fundación.

h) Os bens mobles, ferramenta e accesorios que se adscriban á Fundación.

i) Os intereses de depósitos ou contas bancarias.

j) Calesquera outros recursos que poideran atribuírse.

Artigo 29º.- Os ingresos e gastos da Fundación serán intervidos e fiscalizados polo Interventor e a Xunta Rectora

rendirá anualmente contas que se someterán á aprobación do Pleno do Concello, de conformidade coa lexislación vixente de Réxime Local.

Artigo 30º.- Os fondos dispoñibles situaranse en contas bancarias nas institucións que sexan designadas pola Xunta Rectora, previo dictamen do Interventor.

CAPITULO V.- DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 31º.- A Fundación poderá disolverse a petición da Xunta Rectora adoptada por unanimidade e ratificada por acordo do Concello por maioría absoluta dos seus integrantes.

Ó final de cada exercicio, deberá confeccionarse un inventario de tódolos bens, dereitos, metálico e valores que integran o patrimonio da Fundación, con determinación exacta da súa cuantía. En dito inventario haberán de figura-los edificios, instalacións e servicios da Fundación, no que a xestión e administración transmítese a Xunta Rectora da mesma, estimando como valor dos mesmos, o que figure no inventario dos bens municipais.

O expresado inventario someterase á aprobación provisional da Xunta Rectora e definitiva do Pleno do Concello.

Os resultados administrativos líquidos de cada exercicio anual, unha vez cubertos os



gastos e deducida a cantidade que destinarase a constitución dun fondo de reserva, aplicarase integramente a conservar e mellora-las instalacións e servicios de que está dotada a Fundación.

A Xunta Rectora verase obrigada a constituír un fondo de reserva para facer fronte ó saldo deudor que nalgún exercicio puidese representa-la conta de perdas e ganancias.

Artigo 32º.- Ó disolverse a Fundación, os bens adscritos á mesma pasarán a plena dispoñibilidade do Concello.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Nas instalacións deportivas establecerase un servizo sanitario de urxencia para atende-los casos de emerxencia e primeiros auxilios.

A Xunta Rectora, o Consello de Xerencia e os directivos ou responsables das instalacións, non se farán xamais responsables dos posibles accidentes e lesións que poidan derivarse do uso das mesmas.

A Fundación haberá de cubrir unha Póliza de Mutualidade Xeral Deportiva para aqueles usuarios, incluídos no deporte para todos, que non pertencen a centros escolares, Federacións, Clubes, Sociedades e Institucións Deportivas en xeral.

SEGUNDA.- As instalacións deportivas municipais poderanse poñer a disposición do Consello Superior de Deportes da Xunta de Galicia, ou do Estado, cando se trate de celebrar nelas calquer tipo de competición de carácter extraordinario, provincial, rexional, nacional ou internacional, sempre que se solicite da Xunta Rectora, cunha anticipación de alomenos vinte días, determinándose en tal caso, cal será a compensación económica ou non que debe percibi-la Fundación.

TERCEIRA.- Os directivos das instalacións, cando se desenvolven actividades extraordinarias ou competicións con taquillas para o público, deberán velar polo estrito cumprimento das normas vixentes de orde público e espectáculos.



CUARTA.- O Pleno do Concello resérvase o dereito do uso das instalacións da Fundación, procurando non interromper as actividades programadas para os fins extraordinarios que acorde, debendo comunicalo con anticipación á Xunta Rectora.

QUINTA.- Tódalas modalidades deportivas que se efectúen nas instalacións deportivas da Fundación, rexiranse polos Regulamentos das Federacións deportivas correspondentes.

SEXTA.- Tódalas instalacións deportivas dependentes da Fundación rexiránse por un Regulamento de Funcionamento que elaboran os Órganos de Goberno da propia Fundación.

SÉPTIMA.- O Regulamento será redactado e presentado á Corporación pola Xunta Rectora para a súa aprobación, se procede, polo Pleno do Concello.

OITAVA.- Calquera modificación destes Estatutos deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros da Xunta Rectora, e ratificada polo Pleno da Corporación Municipal."

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os actuais membros da Xunta Rectora da F.P.S.D.M. continuarán nos seus respectivos cargos/vocalías ata que proceda a renovación como consecuencia do remate do mandato da actual Corporación Municipal, conforme o sinalado no apartado c) do art. 16 modificado.

Vilagarcía de Arousa, xullo de 1998.

O ALCALDE